



XUNTA  
DE GALICIA


# POLOS CREATIVOS

SA-8M1.2-Redeiras por un día




## ACTIVIDADE 2. INTRODUCCIÓN

O obxectivo desta actividade é homenaxear as redeiras galegas aprendendo a fabricar unha rede de xeito tradicional.

### PASO A PASO DA MONTAXE



1. Para esta actividade, necesitas:
  - 1,5 m de corda de algodón de 8-10 mm.
  - 50 m de fío de algodón de 2 mm.
  - Cortizas.
  - Diferentes pezas de decoración (opcional).
2. Fai unha marca cada 5 cm na corda de algodón. A distancia entre marcas chámase "casa".
3. Insire un anaco de fío na cortiza e enróscao na corda cada 3 marcas. Esta cortiza é a que fai que a rede flote no mar.
4. Colle a agulla e envolve o fío de 2 mm nela (como na imaxe).
5. Fai nós na corda cada 7-8 cm como na imaxe.



3. Fai os nós como ves na imaxe.
4. Repite tantas voltas como desexes.

### INSTRUCCIÓNS DA ACTIVIDADE

- Converte a rede nun mural homenaxe a todas as mulleres que desenvolven oficios tradicionais. Podes incluír a aquelas que forman parte da túa comunidade educativa. Escribe notas de agradecemento ou cartas e busca fotografías ou obxectos representativos. Engádeos á rede e converte así o mural nunha mostra de admiración e respecto cara ao traballo levado a cabo polas mulleres galegas e á súa achega á nosa cultura tradicional.

